

## UNIDADE DIDÁCTICA: MATERIAIS DE PLÁSTICA

**NIVEL:** 6º de Primaria

**TEMPORALIZACIÓN:** 5 sesións

**MATERIA:** Plástica

**CENTRO:** CEIP Plurilingüe Carballal – Cabral

### **MATERIAIS:**

- Material da aula de Plástica: témperas, acuarelas, ceras pastel, ceras brandas, cores, rotuladores, plastilina, cartolina, cartón, folios, cortiza, follas, papel de cociña, papel charol, xornais, revistas, papel celofán, esponxas, espátulas, pinceis, cepillos...
- Material informático: Equipos Abalar, cámara de vídeo e fotos, escáner...
- Aula Virtual do centro e acceso ao Curso Virtual “Arts”.

**COMPETENCIAS CLAVE:** Comunicación lingüística, dixital, aprender a aprender, sociais e cívicas, sentido de iniciativa e espírito emprendedor, conciencia e expresións culturais.

### **OBXECTIVOS** (non lingüísticos e lingüísticos):

#### Non lingüísticos:

#### **Habilidades de pensamento de orde inferior**

Utilizar os recursos coñecidos na elaboración das súas propias obras artísticas, combinando diferentes materiais e soportes.

Coñecer as posibilidades técnicas e expresivas dos materiais da aula de plástica.

Utilizar os recursos correctamente, atendendo aos coidados que precisa cada un.

#### **Habilidades de pensamento de orde superior**

Experimentar coas posibilidades técnicas, artísticas e expresivas dos diferentes materiais e soportes.

Seleccionar os materiais segundo as súas características.

Analizar os resultados dende un punto de vista técnico, artístico e expresivo, na procura de opcións de mellora.

Elaborar críticas fundamentadas das obras propias e alleas.

Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito responsable para a edición e difusión do seu traballo.

Lingüísticos:

**LINGUA DE APRENDIZAXE**

Coñecer o vocabulario relacionado cos materiais da aula de plástica.

Utilizar estruturas para expresar opinións: in my opinion, I think...

Utilizar estruturas para analizar as obras dende un punto de vista técnico, artístico e expresivo: she felt... so she..., they wanted to express... so they used..., etc.

**LINGUA PARA A APRENDIZAXE**

Expresar acordo e desacordo.

Elaborar unha ficha técnica de cada unha das obras.

**LINGUA A TRAVÉS DA APRENDIZAXE**

Presentar a súa obra aos compañeiros apoiándose na ficha técnica.

Construír un glosario de termos relacionados utilizando o dicionario.

Emitir opinións en canto a aspectos técnicos, artísticos e expresivos sobre obras de arte.

**CONTIDOS:**

As posibilidades creativas e expresivas dos diferentes materiais e recursos plásticos.

A observación e análise sistemática dos aspectos técnicos, artísticos e expresivos de obras propias e alleas.

Materiais da aula de plástica; uso e coidados.

As tecnoloxías da información e da comunicación como elemento para a busca de información, recollida e difusión de obras artísticas.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**

### **CONTIDO**

Utiliza correctamente dende un punto de vista técnico os materiais da aula de plástica.

Realiza unha obra limpa e ordeada.

Ao representar unha obra artística: paisaxe, retrato, animais, abstracto, bodegón... recolle elementos característicos fundamentais da mesma.

### **COGNICIÓN**

Sérvese dos recursos plásticos dispoñibles e utilízalos de maneira creativa.

Combina diferentes elementos de diferentes maneiras para obter un resultado orixinal.

Xoga cos tamaños, formas e espazos para aportar dinamismo e orixinalidade á composición.

### **COMUNICACIÓN**

Explica aos compañeiros de maneira clara e organizada a súa obra de arte.

Explica os materiais utilizados e a intención artística e comunicativa dos mesmos.

### **CULTURA/CONTEXTO**

Coñece e analiza os elementos típicos de cada estilo de composición: paisaxe, bodegón, animais, retrato, abstracto...

Recolle estes elementos dunha maneira persoal.

### **TAREFAS POR SESIÓN** (Traballarán en grupos de catro):

**1ª Sesión:** Achegamento aos aspectos técnicos básicos dos materiais da aula.

Experimentación coas posibilidades expresivas e artísticas dos mesmos e toma de decisións sobre estilo de composición e materiais e soportes a utilizar.

**2ª Sesión:** Traballo na elaboración da composición.

**3ª Sesión:** Rematar a composición e reflexionar sobre o acerto ou erro na elección e utilización de materiais. Elaborar unha ficha técnica.

### **TAREFA FINAL:**

**4ª Sesión:** Presentación ao grupo da composición. Utilizarase a ficha técnica como apoio na presentación. Falarase das técnicas utilizadas na composición.

**5ª Sesión:** Exposición física e na web do centro.

#### **ESTADAXE:**

- Utilízanse recursos coñecidos en combinación con recursos novos.
- Ofrécense medios e recursos de apoio que se poden consultar en calquera momento.
- Traballo en equipo, apoio entre iguais e distribución de tarefas.

#### **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:**

##### Avaliación das tarefas:

- Modelo de observación directa. 20% da cualificación final.
- Diario de desenvolvemento das tarefas: 10% da cualificación final.

Avaliación da tarefa final: Rúbrica. 70% da cualificación final. A rúbrica servirá para autoavaliarse e avaliar o traballo dos compañeiros. Ademais, na rúbrica haberá dous apartados en branco nos que eles mesmos valorarán aspectos importantes do seu traballo.